

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

C U R S O 2 0 1 9 - 2 0 2 0

C P I A S M I R A N D A S

DEPARTAMENTO: LINGUA E LIT. GALEGA

DATA: 11/05/2020

Profesorado:

López López Carme (Xefa de Departamento)
Mosqueira Fociños Jesús Miguel



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI AS MIRANDAS

Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe.

2. Avaliación e cualificación.

3. Información e publicidade.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterio de avaliación

Os criterios de avaliación da 1^a e 2^a avaliación mantéñense sen cambios na materia impartida presencialmente.

Os criterios de avaliación da 3^a avaliación da programación didáctica previa ELIMÍNANSE TODOS.

As tarefas da 3^a avaliación serán avaliadas mediante os seguintes criterios: capacidade de comprensión e expresión escrita, incorporación de léxico, entregas en tempo, asimilación de conceptos, dominio da ortografía...

Estándar de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe da 1^a e 2^a avaliación mantéñense sen cambios na materia impartida presencialmente.

Os estándares de aprendizaxe da 3^a avaliación da programación didáctica existente ELIMÍNANSE TODOS. Os estándares de aprendizaxe da 3^a avaliación son aqueles que na 1^a e 2^a avaliación constan explícitamente como MÍNIMOS.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación

- A 1^a e 2^a avaliación manteñen a nota obtida no seu momento.
- 3^a avaliación realizarase a través de tarefas semanais que teñen que entregar ao final de cada semana.

- COMENTARIO EXCLUSIVO PARA AQUEL ALUMNADO DE 4º ESO QUE NON TEN SUPERADA A MATERIA DA 1^a E/OU 2^a AVALIACIÓN. Na recuperación da 1^a e 2^a avaliación non se fará media con menos dun 4 (sobre 10). A nota máxima será dun 6, debido a que as probas de recuperación son **non presenciais e con material docente a disposición** do alumnado.

Procedemento de recuperación: a profesora enviará a tarefa ao alumnado e este deberá entregala resolta nun prazo de 24 h. O alumnado será avisado con antelación do día e hora na que será enviada a tarefa. O contacto co alumnado sempre é a través do seu correo electrónico @cpiares.com

O alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO poderá recuperar a materia mediante a entrega dos traballos diarios das clases on-line, sempre que a nota media deles sexa superior a 5. De non aprobar a materia por esta vía, deberán realizar un traballo específico en xuño.

Cualificación final	Nota Covid (máx 10 puntos) = 40% (1 ^a aval) + 60% (2 ^a aval) Nota Tareas 3 ^a aval (máx 1,5 puntos) NOTA FINAL= Nota Covid + Nota tareas 3 ^a aval
Proba extraordinaria de setembro	No momento actual contémplase que haxa avaliación extraordinaria en setembro. Os contidos referentes serán os impartidos na 1 ^a e 2 ^a avaliación presencial.
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Ao longo do curso o alumnado coa materia pendente vai resolvendo actividades cos criterios de aprendizaxe mínimos do curso que ten pendente. Con estas actividades e un resultado superior a un 3,5 nos exames do curso de referencia nas dúas primeiras avaliacións considérase superada a materia.
	Criterios de cualificación: Traballos e cualificación superior a 3,5 nos exames do curso de referencia.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Se a materia non é superada cos traballos e exames no curso de referencia farase un exame no mes de maio.

3. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> - Informarase ao alumnado dos criterios de avaliación e cualificación a través do seu correo electrónico @cpiares.com
CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Publicación na páxina web do centro e por Abalar